

**Palabras preliminares:
o poeta da nosa memoria republicana**

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2009]). “Palabras preliminares: o poeta da nosa memoria republicana”. En Xosé Carlos Domínguez Alberte, *Incivil*. Noia: Toxosoutos, 7-23. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1394>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2009). “Palabras preliminares: o poeta da nosa memoria republicana”. En Xosé Carlos Domínguez Alberte, *Incivil*. Noia: Toxosoutos, 7-23.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

PALABRAS PRELIMINARES: O POETA DA NOSA MEMORIA REPUBLICANA

[AO LIBRO *INCIVIL* DE XOSÉ CARLOS DOMÍNGUEZ ALBERTE]

Xesús Alonso Montero

Levo anos e anos debuzándome, como estudoso do feito literario galego, sobre escritores que padeceron as consecuencias do 36, do trágico 36. Publicadas están miles de páxinas sobre escritores exiliados, perseguidos, intimidados, encadeados e “mortos polo ferro irado” (en expresión de Celso Emilio Ferreiro). Algunhas logrei publicalas antes do 20 de novembro de 1975, data da morte do Tirano. Nese labor cívico –cívico e filolóxico– continuo, e todo fai supoñer que continuarei. Acaba de saír do prelo un volume con cento vinte dramáticos textos titulado *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, drama no que veño investigando desde 1965. Agora estou a traballar na traxedia do bou “Eva” (Vigo, 23 de abril de 1937), que foi a traxedia (o suicidio [8] forzado) de oito homes e unha muller antifascitas, dous deles, mestres e curmáns de Castelao, non alleos á literatura.

Veterano, pois, neste xénero de estudos, ás veces, estudosos máis novos, solicitan de min un prólogo para algún traballo seu, un xeito (penso) de establecer vencellos no gremio, cada vez maior e no que xa abundan as voces novas.

Unha destas voces é a de Xoán Carlos Domínguez Alberte, profesor de Lingua e Literatura Galegas, na actualidade, do Instituto de Bande. Ten exercido noutros institutos, e sempre levou ás aulas e ó seu entorno, como docente e como investigador, a preocupación pola vida e pola obra literaria de todos aqueles cidadáns que padeceron as consecuencias do 36, do trágico 36. Penso, neste momento, no volume *Os anos da memoria na escola*, que coordinou, en Caldas de Reis, co profesor Raúl Soutelo Vázquez (2006). E penso tamén nos catro congresos organizados n’A Pobra de Trives sobre a per-[9]sonalidade de Manuel Luís Acuña, ilustre mestre que foi represaliado na ominosa data pola súa condición de pedagogo institucionista e de ideas republicanas. Quizais os represores tiveron en conta, na súa mendaz argumentación, que aquel profesor, autor de *Firgoas* (1933), tamén era poeta, poeta en lingua galega.

En ocasións Domínguez Alberte mobiliza a escritores e eruditos das catro provincias galegas, porque o mapa enteiro de Galicia está sementado de nomes de homes e mulleres que foron mancados na súa dignidade, mulleres e homes ós que cómpre *Volverlles a palabra*. Así se titula un importantísimo volume que ideou e coordinou, con Baldo Ramos, Xoán Carlos Domínguez Alberte. Volume que subtitularon “Homenaxe aos represaliados do franquismo”. Era o ano no que os colectivos da Memoria Histórica (con lei ou sen lei) elaboraron tratados, traballos eruditos, poemarios, ensaios e moitas outras páxinas, un “corpus” no que brilla, [10] con acentos especiais, o volume *Volverlles a palabra*, froito,

en moi boa parte, do compromiso e da laboriosidade de Domínguez Alberte. Eu tiven a honra de prologalo.

Ese volume acolle, como non podía ser doutro xeito, un poema de Domínguez Alberte titulado “Furriolo”, topónimo ourensán (dun lugar preto de Celanova) que pertence, de cheo, á xeografía galega do medo, á toponimia galega do terror. Atila (o atila fascista execrado por Castelao) pasou por alí, coas súas poutas lixentas, no verán e no outono do 36. O Furriolo, mercé a versos como os de Domínguez Alberte (e doutros poetas), será o nome que funcione no imaxinario dos cidadáns galegos (dos cidadáns dignos de tal nome) como a metáfora de canta barbarie se teña perpetrado no noso país pola forza bruta do antihumanismo da dereita reaccionaria e clerical.

Prologar *Incivil*, o presente poemario, constitúe, de novo, unha honra para min.

[11] Non é o primeiro poemario do autor, escritor moi polifacético, pero é o primeiro libro de poemas enteiramente civil, ou sexa, constituído por páxinas que pertencen, de cheo, ó que chamamos poesía civil. Nestas páxinas, Xoán Carlos Domínguez Alberte escribe desde a súa condición de cidadán, de “civis galaicus”, de cidadán que reflexiona sobre o infortunio e a inxustiza de que foron vítimas, hai varias décadas, cidadáns da súa terra, ilustres uns, anónimos outros. A uns e a outros o poeta de hoxe “vólvelles a palabra” e maila conduta. De feito, o noso poeta, un poeta decididamente civil, reflexiona sobre un tempo no que os que facían a historia tiveron un comportamento superlativamente “incivil”. Contra este tempo (mellor, contra este estamento tan “incivil”) ergue a voz o noso escritor, o noso poeta civil.

“Incivil” tamén é o título do antepenúltimo poema do libro, noventa e sete versos dignos de seren memorizados. Está inspira-[12]do por Minia, a filla do escritor, unha neniña de tres anos que vive nun tempo en un espazo vital que propicia

O seu sorriso farto
é
o dunha miniña
con saúde, comida, roupa limpa
e un milleiral de cóxegas
de afecto afagando
a diario
a súa sen.

Ás veces sobresáltase
en soños,
talvez coa lea abraiante
dos animais fabulosos
cos que adoita xogar.

Sempre hai quen vela
os seus desvelos
cofeándolle as tempas
a tempo
e achegándolle a roupa. [13]

Nin un pesadelo.

A ela
non lle tocou ser
un daqueles esquecidos
nenos da guerra
nin levar o medo e a orfandade
alampando o mirar estraviado
da fame
de afagos.

Xa maior, esta pequerrecha, “que aínda non sabe escribir”, disporá de armas para entender o tempo de miseria retratado no libro de seu pai

e abrirá os ollos
para coñecer a verdade
oculta nas palabras,
cos cinco sentidos,
e saberá que hai
expresións completas,
sentenzas de morte [14]
incompletas,
historias de mentiras,
silencios cómplices,
medias verdades
e palabras sen medias tintas.

Así fala o pai, nesta ocasión poeta, a quen os romanos, ás veces, chamaban “vates” (vate), ou sexa, o que vaticina, o que profetiza. Non sei se, dentro de catorce ou quince anos, alguén, adulto, poderá ser moderadamente feliz na súa Nación, na grande, que é o Planeta, por moitos libros, agarimo e protección que Minia teña na súa casa, no seu pequeno mundo e na súa minúscula nación. O libro, este libro, ábrese con esta dedicatoria: “Para Minia, por unha vida sen traumatismos nin pesadelos”. ¡Oxalá sexa así para todas as Minias do mundo!, *conditio sine qua non* para que a neniña, xa moza, da dedicatoria viva sen problemas graves.

Despois desta dedicatoria, Domínguez Alberte estampa, antes do primeiro poema do libro, catro versos alleos: [15]

“Todo o que pasou o meu pobo
pasoume a min
todo o que pasou o home
pasoume a min.”
(U. NOVONEYRA)

“Eu sei que para aquela derrota
hai unha victoria agardando.”
(S. GARCÍA-BODAÑO)

O noso autor, ó asumir a filosofía moral dos versos de Novoneyra, debrúzase sobre as historias tráxicas do 36, interiorízaas e cóntaas desde dentro porque son historias que o implican. En canto ós versos de García-Bodaño, quizais conveña suxerir que expresan o optimismo histórico de Domínguez Alberte. En realidade, non sabemos cando os millóns de Minias do mundo enteiro oírán as gaitas e os redobrantes da vitoria.

O poeta asume as traxedias do 36 desde o punto de vista moral dos que padeceron a historia en permanente controversia cos que [16] a fixeron, cos que perpetraron tanta dor e tanta inxustiza. Repárese no poema “Pelotón”, outro dos textos merecentes de seren recitados e meditados nos mellores foros da Memoria Histórica (que debería denominarse Memoria Republicana de Galicia):

Gustáballe apuntar
aos ollos.

Un ao dereito,
outro ao revés.

O estrondo da pólvora
producido polo dedo
que non dubidea
e o proxectil
de chumbo
e impotencia
sae disparado
á vista
do inimigo [17]
de paseo
na madrugada.

Sempre foi voluntario.

Nunca deu atinado
nos dous de vez.

Caían abatidos
coma moscas,
á primeira,
sen tiro de graza
de remate.

O sangue
á vista
encarnado
esvarando
na mañá
cega
de ollar limpo.

Xogo ruín.

[18] Hai moito tempo que os poetas, sen excluímos os mellores, non poetizan *ex nihilo*: escriben, *velis nolis*, a partir de textos lidos, especialmente os da súa tradición literaria. No caso de “Pelotón”, o verso final, o sintagma “Xogo ruín”, vai ter para moitos lectores galegos un significado e unha emoción especiais por percibírenos en función dun conmovedor poema de Luís Pimentel, titulado, precisamente, “Xogo ruín”, que foi escrito por Pimentel pensando nas biografías dos verdugos nas cunetas do 36 (lémbrese que o poeta lugués, de espírito tan fráxil, escribiu nos anos bélicos o poemario “Cunetas”). Reproduzamos o

poema de Pimentel para que os lectores de Domínguez Alberte perciban na súa grandeza poética o verso final de “Pelotón”:

“Xogo ruín”

Aquil neno
pincháballe os ollos [19]
ós paxaros;
e gustáballe ver saír
esa gotiña
de aire e de lus,
ise raio limpo
de mañanciñas frescas
.....
Logo botábaos
a voar
e ríase de velos
topar contra o valado
da súa casa,
con ruído
moi triste
.....
Creceu e foi de aquiles.

Bastantes páxinas de *Incivil* evocan represaliados, coñecidos ou anónimos, das terras de Celanova, moi familiares ó noso autor. Nesas terras Domínguez Alberte, xa de pequeno, oíu as tráxicas historias do 36, non sempre con trazos nítidos, porque eran [20] historias contadas sempre en voz moi baixa, desde o medo, cando non desde o terror. Así foi recibindo aquel neno, aquel mozote, quen, xa adulto, letrado e reflexivo, convértese no cronista e no poeta desas historias e do medo dos narradores.

Outras historias chegaronlle, a Domínguez Alberte, xa no posfranquismo, por vía letrada ou erudita, como as que se contan no poema “As cruces de pedra na Galiza”. Trátase da morte, “polo ferro irado”, de catro personalidades republicanas de Galicia: a do escritor e xornalista Roberto Blanco Torres (“paseado”), a do pintor e escenógrafo Camilo Díaz Baliño (“paseado”), a do editor e alcalde compostelán Ánxel Casal (“paseado”) e a do líder galeguista Alexandre Bóveda (fusilado). Cada biografía sintetízaa Domínguez Alberte en dous ou tres versos intensos de poesía.

Blanco Torres:
Tocaba as feridas
e tronzáronlle as mans. [21]

Díaz Baliño:
Como abría os ollos,
deixárono cego.

Ánxel Casal:
Chegaba á alma
e segáronlle os ideais
da cabeza.

Alexandre Bóveda:
Como era sonoro,
arrincáronlle a lingua.

Son nove versos para lembrar, citar e recitar, como o son algúns do último poema do libro, especialmente estes:

As súas historias
sen desenterrar
son sombras da eterna procesión
dos caladiños da santa compañía.

Elas circulaban incasánbeis
dende a forza que lles dá o anonimato [22]
e o seu paradoiro descoñecido
na procura de render contas
coa xustiza eterna
e sinalar no punto de mira
do seu índice ben desfigurado
os responsábeis de tantos asasinatos,
coma os seus,
sen campás de protesta,
encobertos no limbo da impunidade,
aos que levou o demo
ou tragou a terra
as pegadas nos informes notariais
e aos que xa lles vai chegando
a hora da verdade.

Titúlase o poema, en certo modo testamentario, “Onde o mudo se chama Celanova”, que é o título dun fermoso e entrañable libro de Celso Emilio Ferreiro. Nestas terras, Xoán Carlos Domínguez Alberte escoitou “historias” que, hoxe, cidadán reflexivo e poeta conmovido, dedícase a “desenterrar” para que vivan, coa súa verdade e [23] dignidade, os “caladiños da santa compañía”, tantas e tantas veces silenciados ou aldraxados. Este poema ábrese con tres versos dun poeta moi querido e moi estudado polo noso autor, Manuel Luís Acuña:

Ela –a xustiza, a verdade–
ha de vir nunha alborada de luz
regalando paxaros a mancheas.

Aquí está, unha vez máis, de corpo enteiro, o optimismo histórico de Xoán Carlos Domínguez Alberte. ¡Que así sexa!